



Ponteceso III, 2, Vicerán (Cambre), Manuel 73 anos
 Marzal 1980

CD 138-8

8

- N. I - Tío Naranxo.

III,2,94.

1) Voules a contar señores un casamento da aldea que se casou tío Naranxo con Marica a panadeira.



2) Isto foi cerca da Cruña na Mariña de Betanzos nunha aldea que se chama a "terra de poucos cartos."

3) Tío Naranxo é bo mozo solo que tén moitas faltas unhas xorobas nas costas que o fai andar de ghatas.

4) ^E xa tá todo torcidoño ~~de~~ a cabeza ^{neira} e cabo *desd' a cabeza ast' o cabo* xa foi vindo tres veces e tén ochenta e seis anos.

5) Marica é boa moza e fai un pan que rabea e tén setenta e sete anos, e aínda está solteira.

6) Un día o tío Naranxo indo camiño da feira tropezou sin querer-e con Marica Panadeira.

7) "Moi boas tardes Marica moi ben me sabé o teu pan quen me dera que ti foras a dona do meu naval-e."

8) "Pa ser eu a túa dona téste que casar primeiro e despois aprenderás-e a vida do panadeiro."



Museo
do Pobo
Galego



Instituto de
Estudos das
Identidades

Ponteceso III, 2, Vecerán (Cambre), Manuel 73 anos
Marzal 1980

CD 138-8

- N. I - Tío Naranxo.

III,2,

1:26

- 9) Esa vida miña nena
é moi boa de aprender-e,
amasar e remexer-e
todo é sacar e meter-e.
- 10) Tu pa casarte Naranxo
véxote moi acabado
e si te casas cōmigho
vas a morrer de contado."
- 11) "Non dighas eso Marica
que eu non che penso en morrer-e
aunque me ves tan velliño
aínda che hei dar que facer-e."
- 12) "Os milaghros que ^{tu} faghas
ben pouquiños han de ser-e
que xa non podes cas pernas
xa non te podes mo~~xer~~-e.
- 13) "Non dighas eso Marica
porque tas moi engañada
que os homes canto mais vellos
mais forza teñen na cama."
- 14) "Deixa de contos Marica
qu'os contos levouché o vento
si te queres casar cōmigho
tratemo-lo casamento."
- 15) "Eu xa che tou rabeando
díxolle a tía Marica
pero quixera saber
se m'has de dar boá vida."
- 16) "Eu cartos non teño moitos
pero tu tes bon oficio
que todos os panadeiros
pōñense podres de ricos.



Museo
do Pobo
Galego



Instituto de
estudos das
identidades

Ponteceso III, 2, Vecerán (Cambre), Manuel 73 anos
CD 138-8 Marzal 1980

- N. I - Tío Naranxo.

III,2,

2:45

- 17) Pra que o pan dea mais peso
mézclanlle millo ó trigo
e pesan seiscentos ghramos
e dicen que vai un kilo.
- 18) As trampas non se' acabaron
eu se me caso contigho
heime meter arrieiro
e traficante de viños.
- 19) E despóis, miña Márica,
xa verás chover diñeiro
vendendo olas de viño
dando augha por ribeiro."
- 20) "Vexo que sabes Naranxo
à aghulla de marear-e
pero o que fai moitas trampas
nunca ben pode acabar-e."
- 21) Pois neste mundo cochino
o que non quer facer trampas
nunca tuvo boa nena
nin dormeu en boa cama."
- 22) O día que se casaron
era d'inverno e chovía
resbalou o tío Naranxo
e caíu patas arriba.
- 23) E logo que ~~for~~^{veu} a noite
foronse cedo prá cama,
pero o ~~pro~~^{pro} de Naranxo
non lle poido facer nada.
- 24) "Eu xa cho dixen Naranxo
dixolle a tía Marica
eu casar, casei contigho
per' a fame no, ma quitas.



Museo do Pobo Galego



instituto de estudos das identidades

Ponteceso III, 2, Vecerán (Gambre), Manuel 73 anos
Marzal 1980

C) 138 8-9.

- N. II - Tío Naranxo.

III, 2,

25) ^[Nun vos casades] ~~Que faeades~~ rapazas ?
con homiños acabados
buscade mozos noviños
que respondan nos traballos.

26) E damos fin a este conto
^{ata} ~~hasta~~ outra mellorada
queira Dios que cando veñan
veñan mais ~~avanzada~~. ^{avanzadas}

4:23

FIN,